

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de xuño de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día quince de xuño de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(585).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(586).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUALES SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS, TÉCNICOS, AUXILIARES E DOCENTES COMPLEMENTARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DAS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVIESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E OS XIMNASIOS DAS TRAVESAS E O BERBÉS. EXPTE. 14892/333.

Mediante informe-proposta de data 14/06/17, a xefa do Servizo de Contratación, da conta da Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 493/2017 Do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaída no recurso nº 353/2017, interposto por D. Dario Arias Nuñez, en nome e representación de UTE FCC AQUALIA, S.A.-IDONEA CYS,S.L., contra o acordo de adxudicación do procedemento aberto para a contratación dos servizos de manteneemnto das instalacións , téncios, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés”, adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo o 23 de marzo de 2017. Na mesma o TACRC desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

“Primeiro.- Desestimar o recurso interposto por D. Dario Arias Nuñez, en nome e representación de UTE FCC AQUALIA, S.A.-IDONEA CYS,S.L., contra o acordo de 23 de marzo de 2017 de adxudicación do contrato de “servizos de manteneemnto das instalacións , téncios, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés” por estimala axustada a dereito.

Segundo.- Alzar a medida cautelar de suspensión do procedemento en aplicación do artigo 47.4 do TRLCSP.

Terceiro.- Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 do TRLCSP”.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(587).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA III MARCHA SOBRE RODAS, O VINDEIRO DOMINGO 18 DE XUÑO DE 2017. EXPTE. 15808/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 15/06/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica, o secretario de Admón. Municipal, e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade APAMP (ASOCIACION PERSOASL CON PARALISE CEREBRAL (G-36624120), solicitou o día 18-01-17 a través do Rexistro Municipal (Doc.170006488), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: III MARCHA SOBRE RODAS*
- Data: 18 de xuño de 2017*
- Horario: 11.00h a 13.00h*
- Montaxe: 9.00h a 10.45h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 18 de xullo de 2017; a proba comezará ás 11.00h, tendo a súa saída dende o Pabellón de Pablo Beiro para seguir por Travesía de Bouzas Portuario, rúa Paulino Freire, avda Atlántida, Avda de Samil, rúa Canido e regreso ao Museo Verbun onde rematará a proba.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á entidade APAMP (ASOCIACION FAMILIAS PERSOAL CON PARALISE CEREBRAL, con CIF- (G-36624120), a organizar o vindeiro domingo 18 de XUÑO de 2017, a proba deportiva denominada III MARCHA SOBRE RODAS, esta proba deportiva comezará ás 11.00h e terá a súa saída dende o Pabellón de Pablo Beiro para seguir por Travesía de Bouzas Portuario, rúa Paulino Freire, avda Atlántida, Avda de Samil, rúa Canido e regreso ao Museo Verbun onde rematará a proba.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(588).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO IX MARATÓN INTERCOLEXIOS INFANTIL DE COIA, O VINDEIRO DOMINGO 18 DE XUÑO DE 2017. EXPTE. 15755/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 14/06/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica, o secretario de Admón. Municipal, e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A entidade AVV CRISTO DA VICTORIA, con CIF (G-36622793), solicitou o día 24-11-2016, a través do Rexistro Municipal (Doc.160159616), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: IX MARATÓN INTERCOLEXIOS INFANTIL DE COIA
- Data: 18 de xuño de 2017
- Horario: 10.00h a 13.30h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro domingo **18 de xuño de 2017**, a proba desenvolverase entre a rúa Baiona, rotonda da praza do Cristo da Victoria e na súa totalidade a rúa A Guarda.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á A.VV Cristo da Victoria, con CIF (G-36622793), a organizar o vindeiro domingo 18 de xuño de 2017, o evento deportivo denominado IX MARATÓN INTERCOLEXIOS INFANTIL DE COIA., que se desenvolverá entre a rúa Baiona, rotonda da praza do Cristo da Victoria e, na súa totalidade, a rúa A Guarda.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(589).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS MUNICIPAIS PARA A OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO, INSTALACIÓN E

EXPLOTACIÓN POR TERCEIROS PARTICULARES DE QUIOSCOS NAS PARIAS DO CONCELLO DE VIGO PARA A TEMPADA ESTIVAL 2017. EXPTE. 12376/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/06/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 14 de xuño de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 8 de xuño de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:

- *Sesión do 29 de maio de 2017: A Mesa acordou non admitir neste procedemento a D. XOSE MARÍA MIGUÉNS GONZALVES por non ter presentado no Sobre 1 o xustificante de ter depositado a garantía provisional (esixido na cláusula sexta -punto2- do prego de cláusulas administrativas particulares), nin tela depositado (achega no sobre A escrito onde fai constar “actualmente non dispón da cantidade de 600€ para a realización do depósito da garantía provisional para a licitación do lote 1, encontrándose actualmente en trámites coa entidade Abanca para a obtención da cantidade indicada”).*
- *Sesión do 2 de xuño de 2017: A Mesa acordou a exclusión de D. Ricardo Santiago Daponte para o lote 3 (areal do Tombo do Gato) por cualificarse como NON APTA a súa proposta “por superar a superficie máxima construída de 20,00m².”*

- Sesión do 6 de xuño de 2017: A Mesa acordou a exclusión de D. Ricardo Santiago Daponte do lote 4 (quiosco do areal do Tombo do Gato sinalado co nº 4 nos planos do Anexo II do prego) por ofertar un canon por debaixo do canon mínimo a aboar ao Concello esixido na cláusula cuarta do prego.

Segundo.- Clasificar, de acordo co criterio de adxudicación sinalado no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306) na seguinte orde descendente:

<i>Lote 2, quiosco do areal de Santa Baía (Alcabre)</i>	
<i>ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.</i>	<i>100 puntos</i>

<i>Lote 3, quiosco do areal do Tombo do Gato</i>	
<i>D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO</i>	<i>100 puntos</i>

<i>Lote 4, quiosco do areal do Tombo do Gato</i>	
<i>D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO</i>	<i>100 puntos</i>
<i>ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.</i>	<i>90,13 puntos</i>

<i>Lote 5, quiosco do areal de Argazada</i>	
<i>D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO</i>	<i>100 puntos</i>
<i>D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO</i>	<i>83,93 puntos</i>

<i>Lote 6, quiosco do areal de Samil</i>	
<i>D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE</i>	<i>100 puntos</i>
<i>ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.</i>	<i>65,48 puntos</i>

<i>Lote 7, quiosco do areal de Samil</i>	
<i>D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE</i>	<i>100 puntos</i>
<i>ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.</i>	<i>60,50 puntos</i>

<i>Lote 8, quiosco do areal de Samil</i>	
<i>D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO</i>	<i>100 puntos</i>

<i>Lote 9, quiosco situado no areal do Vao</i>	
<i>ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.</i>	<i>100 puntos</i>

<i>Lote 11, quiosco do areal da Etea</i>	
<i>D. MANUEL LAGO CHAPELA</i>	<i>100 puntos</i>

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (lotes 2 e 9), D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO (lotes 3, 5 e 8), D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO (lote 4), D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lotes 6 e 7) e D. MANUEL LAGO CHAPELA (lote 11), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida na cláusula quinta e décima do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula undécima do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 145,70 euros (13,25 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. nos lotes 2 e 9, D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO nos lotes 3, 5 e 8, D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO no lote 4, D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE nos lotes 6 e 7 e D. MANUEL LAGO CHAPELA no lote 11, o día 8 de xuño de 2017, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido (ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. o 8 e 14 de xuño, D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE o 9 de xuño e os demais o 14 de xuño).

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de xuño de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (lotes 2 e 9), D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO (lotes 3, 5 e 8), D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO (lote 4), D. RICARDO SANTIAGO

DAPONTE (lotes 6 e 7) e D. MANUEL LAGO CHAPELA (lote 11), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. (lotes 2 e 9), D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO (lotes 3, 5 e 8), D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO (lote 4), D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lotes 6 e 7) e D. MANUEL LAGO CHAPELA (lote 11), de acordo co informe de valoración do sobre 2 “*modelo de quiosco proposto*” de data 30 de maio de 2017 e das puntuacións outorgadas pola Mesa de Contratación logo da apertura do sobre 3 “*proposición económica*”, na sesión do 6 de xuño de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Autorizar a ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente os lotes 2 (quiosco do areal de Santa Baía – Alcabre) e 9 (quiosco situado no areal do Vao) cun canon de 1.510,08 e 16.150,08 euros, respectivamente.*
2. *Autorizar a D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente os lotes 3 (quiosco do areal do Tombo do Gato), 5 (quiosco do areal de Argazada) e 8 (quiosco do areal de Samil) cun canon de 7.528,00, 18.528,00 e 15.028,00 euros, respectivamente.*
3. *Autorizar a D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente o lote 4 (quiosco do areal do Tombo do Gato) cun canon de 9.155,00 euros.*
4. *Autorizar a D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente os lotes 6 (quiosco do areal de Samil) e 7 (quiosco do areal de Samil) cun canon de 25.199,99 e 26.199,99 euros, respectivamente.*
5. *Autorizar a D. MANUEL LAGO CHAPELA para a instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do Concello de Vigo (12.376-306), concretamente o lote 11 (quiosco do areal da Etea) cun canon de 3.111,00 euros”.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(590).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA-ENTRE A RÚA LEPANTO E A RÚA NICARAGUA, COFINANCIADO POLO FEDER. EXPTE. 4467/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/06/17, dáse conta do informe-proposta de data 12/06/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de xuño de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de maio de 2017 adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo dos licitadores que deseguido se relacionan polos seguintes motivos:

- 1. INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. pola incorporación ao sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” “dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC”, tal e como prevé a cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares (sesión do 20 de abril de 2017).*
- 2. I-INGENIA INGENIERÍA Y ARQUITECTURA, S.L. e AIN ACTIVE, S.L.U. por non acadar “na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada”, en cumprimento do previsto no apartado 8A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (sesión do 5 de maio de 2017).*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440) na seguinte orde descendente:

	<i>Licitadores</i>	<i>Puntuación</i>
1	<i>ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.</i>	<i>90,05</i>
2	<i>ALFONSO CARLOS PENELA FERNÁNDEZ</i>	<i>86,87</i>
3	<i>PABLO MENÉNDEZ, S.L.U.</i>	<i>86,46</i>
4	<i>PROYFE, S.L.</i>	<i>84,55</i>
5	<i>TECNICAS Y PROYECTOS S.A. (TYPSA)</i>	<i>82,13</i>
6	<i>UTE ORDENACIÓN TERRRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE, S.L. e FULCRUM, PLANIFICACIÓN, ANÁLISIS Y PROYECTOS, S.A.U.</i>	<i>80,74</i>
7	<i>UTE PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L.- URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (ZUBIA + URBING)</i>	<i>78,08</i>

Terceiro.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, ICEACSA CONSULTORES, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 5. Resguardo da garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación sen IVE (5.040,00 euros), esixible de acordo co disposto no apartado 10B do*

Anexo I -FEC- do PCAP (“cando a oferta adxudicada, tivese sido cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente”).

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.198,52 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ICEACSA CONSULTORES, S.L.U., o día 26 de maio de 2017, que presenta a documentación requirida o 8 de xuño de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xuño de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ICEACSA CONSULTORES, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ICEACSA CONSULTORES, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 3 e 24 de maio, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ICEACSA CONSULTORES, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440) por un prezo total de 121.968,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.168,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(591).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN XOVE 2017. EXPTE. 4912/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/06/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de xuño de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336)

A secretaria informa aos membros da Mesa da documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento.

Ao respecto da solvencia técnica acreditada por GESTIÓN DE LA FORMACIÓN Y ORGANIZACIÓN, S.L. faise constar que a xefa do Servizo de Xuventude, presente na sesión, aclara que os contratos cos CEIPS relacionados polo licitador, son en realidade contratos coas ANPAS, polo que resulta suficiente a declaración responsable achegada.

A empresa SERVIPLUS TOTAL, S.L. achega, entre outra documentación, o certificado tributario de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma cunha validez de 6 meses que remata o 13 de xuño de 2016. A Mesa acorda que o Servizo de Contratación deberá realizar as comprobacións oportunas para verificar que a citada empresa está ao corrente no momento da adxudicación, do que se deixará constancia no expediente.

A xefa do Servizo de Xuventude comproba persoalmente as pólizas achegadas polos licitadores.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de maio de 2017, adoptou os seguintes acordos:

“Primeiro.- Dar conta dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

1. *Sesión do 28 de abril de 2017: A Mesa acordou non admitir neste procedemento aos seguintes licitadores e polos seguintes motivos:*
 - *ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (lote 6): a solvencia técnica e profesional que declara resulta insuficiente para a prestación deste lote, de conformidade coa cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e o apartado 3F do seu Anexo I -FEC-.*
 - *MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE, S.L. (lote 6), a solvencia técnica e profesional que declara resulta insuficiente para a prestación deste lote, de conformidade coa cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e o apartado 3F do seu Anexo I -FEC-. Solicitada a emenda da declaración responsable con data do 24 de abril de 2017, a empresa non presentou documentación ningunha en prazo.*
2. *Sesión do 9 de maio de 2017: A Mesa acordou excluír deste procedemento aos seguintes licitadores e polos seguintes motivos:*
 - *ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. (lote 4) e ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (lote 3) por non acadar a puntuación mínima de 20 puntos na valoración do criterio avaliable mediante xuízo de valor (apartado 8A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares).*
 - *BABADIVA, S.L. (lote 6), pola incorporación ao sobre B “dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC”, tal e como prevé o apartado 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares.*

3. Sesión do 25 de maio de 2017: A Mesa acorda excluír deste procedemento a MR PICKWICK SCHOOL, S.L. (lote 5) por exceder a súa oferta do orzamento base de licitación (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336) na seguinte orde descendente:

- LOTE 1 "VERÁN NAÚTICO":

Licitador/a	TOTAL
TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.	74,50

- LOTE 2 "VERÁN MARIÑEIRO":

Licitador/a	TOTAL
TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.	70,50

- LOTE 3 "VERÁN NA PRAIA":

Licitador/a	TOTAL
GESTIÓN DE LA FORMACIÓN Y ORGANIZACIÓN, S.L.	75,50
SERVIPLUS TOTAL, S.L.	66,23

- LOTE 4 "VERÁN CON TEMÁTICAS ECOLÓXICAS / MEDIO AMBIENTAIS E PREMULTIDEPORTIVAS":

Licitador/a	TOTAL
SERVIPLUS TOTAL, S.L.	79,50
DANIELA ALVITE WAISMAN	66,38
MR. PICKWICK SCHOOL, S.L.	63,47

- LOTE 6 "CAMPAMENTO CON PERNOCTA EN VIGOZOO":

Licitador/a	TOTAL
XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	89

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. (lotes 1 e 2), GESTIÓN DE LA FORMACIÓN Y ORGANIZACIÓN, S.L. (lote 3), SERVIPLUS TOTAL, S.L. (lote 4) e XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 6), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar

desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit aos citados licitadores o aboamento de 1.125,82 euros (225,16 euros por lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. (lotes 1 e 2), GESTIÓN DE LA FORMACIÓN Y ORGANIZACIÓN, S.L. (lote 3), SERVIPLUS TOTAL, S.L. (lote 4) e XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido (TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. e GESTIÓN DE LA FORMACIÓN Y ORGANIZACIÓN, S.L. o 8 de xuño de 2017, SERVIPLUS TOTAL, S.L. o 9 de xuño de 2017 e XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL o 31 de maio de 2017).

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de xuño revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. (lotes 1 e 2), GESTIÓN DE LA FORMACIÓN Y ORGANIZACIÓN, S.L. (lote 3), SERVIPLUS TOTAL, S.L. (lote 4) e XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 6), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. para os lotes 1 e 2, GESTIÓN DE LA FORMACIÓN Y ORGANIZACIÓN, S.L. para o lote 3, SERVIPLUS TOTAL, S.L. para o lote 4 e XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. para o lote 6, de acordo cos

informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 8 e 22 de maio de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“A. Adxudicar a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336) coas seguintes condicións:

- Lote 1 “verán náutico”:

- a) O prezo total do contrato é de 52.250 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.750 euros.*
- b) Non incrementa o número de persoal previsto no PPT con persoal con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais.*
- c) Propón un incremento do número de prazas (4 prazas) de cada unha das quendas.*

- Lote 2 “verán mariñeiro”:

- a) O prezo total do contrato é de 15.840 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.440 euros.*
- b) Non incrementa o número de persoal previsto no PPT con persoal con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais.*
- c) Non incrementa o número de prazas de cada unha das quendas.*

B. Adxudicar a GESTIÓN DE LA FORMACIÓN Y ORGANIZACIÓN, S.L. o lote 3 “verán na praia” do procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 31.625,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.875,00 euros.*
- b) Non incrementa o número de persoal previsto no PPT con persoal con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais.*
- c) Propón un incremento do número de prazas (5 prazas) de cada unha das quendas.*

C. Adxudicar a SERVIPLUS TOTAL, S.L. o lote 4 “verán con temáticas ecolóxicas/medio ambientais e pre- multideportivas” do procedemento aberto para a

contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 46.900,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.263,64 euros.*
- b) Propón un incremento do número de persoal previsto no PPT con persoal con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais (1 persoa).*
- c) Propón un incremento do número de prazas (5 prazas) de cada unha das quendas.*

D. Adxudicar a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o lote 6 "campamento con pernocta en Vigozoo" do procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 28.447,62 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.586,15 euros.*
- b) Propón un incremento do número de persoal previsto no PPT con persoal con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais (1 persoa).*
- c) Propón un incremento do número de prazas (5 prazas) de cada unha das quendas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez